

LIMIAR

Introduction

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que naceu co fin de dar a coñecer traballos académicos dos investigadores máis novos do ámbito da Filoloxía Galega, entendida esta nun senso amplo, procedentes de traballos de fin de grao e mestrado, ou doutro tipo de investigacións.

Neste novo volume de *CUMIEIRA*, o Vol. 3 (2018) xa, recollemos cinco traballos que abordan temas variados como o conflito lingüístico na educación, a supervivencia da mitoloxía clásica na literatura galega, o ensino de galego como lingua estranxeira, un exercicio de literatura comparada na obra poética de Johán Carballeira e un estudo historiográfico dos traballos que trataron a falas do Morrazo.

Certamente, o capítulo inicial de Estela Suárez Recouso expón os resultados da súa experiencia de aplicación dunha unidade didáctica que perseguía facerlle ver a alumnado de bacharelato de Vigo as desigualdades lingüísticas en zonas onde o uso do galego é case anecdótico. Segue o traballo de Paloma García Rodríguez que analiza a utilización do mito grego na obra poética de Álvaro Cunqueiro e as posibles fontes clásicas para a súa reelaboración textual. Pola súa parte, partindo da súa experiencia como lector en Croacia, Alejandro Martínez Vicente achega un estudo de gramática contrastiva galego / croata e reflexiona sobre os problemas do ensino do galego como lingua estranxeira. A perspectiva comparada foi a adoptada por Gonzalo García Fortes no seu traballo sobre a obra poética de Johán Carballeira, co que quere pór de manifesto as relacións artísticas entre a literatura e disciplinas como a arquitectura, a pintura e a música. No último traballo do volume, Sara Martínez Rial leva a cabo unha compilación e análise historiográfica sobre os estudos lingüísticos existentes (teses, memorias de licenciatura, artigos, publicacións escolares, programas de festas...) que describen ou recollen a variedade lingüística dialectal falada na pontevedresa península do Morrazo.

Neste Vol. 3 de *CUMIEIRA* (2018), fixeron parte da Comisión de revisión científica, X.-Henrique Costas González, Ana Iglesias Álvarez, Manuel Forcadela e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo. *CUMIEIRA* quere agradecer tamén a Antón Palacio a corrección do volume e a Benigno F. Salgado, a revisión da versión inglesa dos *abstracts*.

Cumieira 3. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Nos dous volumes anteriores de 2016 e 2017, os participantes en *CUMIEIRA* foran maioritariamente estudantes de grao ou mestrado da nosa Universidade de Vigo. Neste terceiro, congratulámonos da participación de autores e autoras vinculados a outras universidades, como a de Santiago de Compostela, a Complutense de Madrid ou a croata de Zadar. Queremos insistir outra volta en que as páxinas de *CUMIEIRA* están abertas a calquera novo investigador ou investigadora no ámbito da lingua ou literatura galegas, e tamén lusófonas ou doutras linguas sempre que resulten de interese para o galego. No final do volume, logo das breves biografías das autoras e autores participantes, poden verse as *Normas* para o envío de orixinais.

Xosé A. Fernández Salgado
Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo